Exercicios autoavaliables descargables da unidade 9: Evolución demográfica e transformacións sociais: a sociedade de clases

(2ª avaliación, 3ª quincena)

1. Comentario de texto.

Manifesto da folga de agosto de 1917, firmado polos vicepresidentes da UGT e do PSOE; e polos dirixentes da CNT.

«Aos obreiros e á opinión pública: chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación algunha, os propósitos anunciados polos representantes **da U.G.T. e da C.N.T**. no manifesto subscrito por estes organismos no mes de marzo último. (...).

Pedimos **a constitución dun Goberno provisional** que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, **a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da Constitución política do país**. Mentres non se acade ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a manter a súa actitude de folga. Cidadáns: non somos instrumentos de desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión dese sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!

Cuestións: Lembra as normas básicas para facer un comentario de texto.

- Contextualización histórica
Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico...Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.

- Análise dos contidos
Haberá que **seleccionar as ideas máis importantes**, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das **ideas secundarias**.
Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc. que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.

- Interpretación
Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.

- Conclusión
É recomendable rematar cunha **conclusión ou valoración global**, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.

2. Comentario dun gráfico sobre as variables demográficas durante o século XIX en varios países europeos

Países	Poboación en millóns (1800)	Poboación en millóns (1900)	Incremento da poboación en %	Crecemento anual en %	Mortalidade en ‰ (1900)	Natalidade en ‰ (1900l)
Gran Bretaña	10,9	36,9	238,5	1,227	18	29
Alemaña	24,5	50,6	106,5	0,728	22	36
Italia	18,1	33,9	87,3	0,629	24	33
Portugal	3,1	5,4	74,2	0,557	20	30
ESPAÑA	**11,5**	**18,6**	**61,7**	**0,482**	**29**	**34**
Francia	26,9	40,7	51,2	0,408	22	21

Cuestións:
1. Ordena os países pola importancia do aumento da súa poboación no século XIX e sinala o lugar ocupado por España.
2. Comenta e valora a evolución demográfica de forma comparada.
3. Analiza as causas económicas desta evolución demográfica.

3. Redacta unha resposta ás seguintes cuestións teóricas, intentando utilizar as túas propias palabras, despois de ter estudiado o tema proposto e non esquecer ningún dos aspectos importantes.
Nos temas máis xerais a resposta debe ser tamén xeral, indicando só aqueles aspectos máis importantes. Nas cuestións máis concretas debes non só sinalar as características máis importantes, senón que tamén debes procurar relacionalas con outros aspectos.

3.1. Da sociedade estamental á sociedade de clases.
3.2. Os movementos migratorios no século XIX
3.3. Os campesiños na sociedade liberal.
3.4.O movemento obreiro no Sexenio: A 1ª Internacional en España.
3.5. O Movemento Obreiro na crise da Restauración
3.6. Os foros e o agrarismo galego
3.7. As mulleres no século XIX

Solucións

1. Comentario de texto.

A folga de agosto de 1917 foi a primeira que, con carácter xeral e indefinido, se celebrou en España. Os dous grupos obreiros máis importantes decidiron unir as súas forzas ante a gravidade da situación pola que atravesaban os obreiros en particular e o país no seu conxunto. A influencia da I Guerra Mundial na vida política e económica do país foi a causa inmediata desta convocatoria de folga, que se viña preparando xa desde principios de ano.

O aspecto máis rechamante do texto é a ausencia de reivindicacións propiamente obreiras. As peticións son políticas: *...a constitución dun Goberno provisional...; ...a celebración dunhas eleccións sinceras...;... Cortes Constituíntes...* As organizacións obreiras expuxeron, ademais, as súas peticións con moderación, intentando contar coa colaboración doutras forzas partidarias de acabar co sistema político viciado da Restauración. En efecto, a principios do XX, o sistema articulado por Cánovas, baseado na alternancia dos chamados partidos dinásticos (Conservador e Liberal) e no fraude electoral, entrou en crise. A esta crise contribuíu de xeito importante o auxe das organizacións obreiras, que contaron cada vez con maior número de afiliados e que participaron con maior forza nos numerosos conflictos sociais e políticos.

Os partidos dinásticos, sobre todo desde a morte de Canalejas en 1913, foron incapaces de articular unha alternancia política estable e de facer fronte ós problemas do país. Lonxe de reformar o sistema político, como se pide no texto, e de introducir reformas sociais que mellorasen a situación do proletariado, aferráronse ó monopolio do poder que lles garantía o sistema electoral corrupto. A resposta ós conflictos sociais foi sempre a represión levada a cabo pola Garda Civil e polo Exército. Sen embargo, os Gobernos foron cada vez máis febles e sucedéronse en períodos cada vez máis curtos.

Anarquistas e socialistas foron as organizacións obreiras dominantes ó longo da Restauración (1875-1923), se ben a súa afiliación non acadou niveis masivos ata principios do s. XX. Este crecemento do número de afiliados foi paralelo ás transformacións socioeconómicas, cun aumento da importancia do sector industrial. Os socialistas fundaran o PSOE e o sindicato UGT, eran partidarios dunha sociedade sen clases pero aprobaban a participación política. A pesar do fraude electoral, a súa presencia nos concellos e no Congreso foi cada vez maior (en 1910, o seu líder Pablo Iglesias conseguiu a primeira acta de deputado) e aceptaron reformas paulatinas sen renunciar ó socialismo. Os anarquistas, maioritarios, organizáronse desde 1910 na CNT (Confederación Nacional de Traballadores) e eran partidarios de destruír o Estado, como medio de conseguir unha sociedade máis xusta na que tampouco houbese explotados e explotadores.

Por isto, aínda que se pode ver como lóxica a asunción por parte dos socialistas das peticións recollidas no texto, non se pode entender a presencia dos anarquistas sen ter en conta que os dirixentes do momento eran moderados e sen ter, tamén, en conta a conxuntura da I Guerra Mundial. En efecto, a Guerra —na que España foi neutral— enriqueceu ó país e a moitos especuladores, pero empeorou a capacidade adquisitiva dos traballadores. Estes viron como os prezos subiron por riba dos seus salarios. Ademais, nos anos finais da Guerra (1914-18) os países belixerantes xa non puideron seguir comprando os productos españois e moitas empresas pecharon ou despediron os seus traballadores. Os conflictos sociais foron en aumento ó longo do ano 1916, e xa en decembro se convocara unha folga xeral.

Ante a falta de resposta as demandas dos obreiros por parte das autoridades, as organizacións obreiras decidiron preparar a folga xeral indefinida, xa anunciada desde marzo. A folga conflúe con outros dous problemas que fan que o ano 1917 se considere un ano de crise do sistema da Restauración. Estes problemas foron as reivindicacións das Juntas de Defensa (organizacións xurdidas dentro do Exército peninsular que pedían unha mellora nos salarios dos oficiais e un freo

ós ascensos por méritos da guerra en Marrocos) e a Asemblea de Parlamentarios (reunión de parlamentarios republicanos, socialistas e nacionalistas en Barcelona que pedían reformas políticas semellantes ás formuladas no texto comentado).

A folga estalou en agosto sen terse levado a cabo os preparativos necesarios. Un conflicto cos ferroviarios fixo que se precipitara o seu inicio (dise que o foi provocado polo Goberno). A precipitación, e a actuación decidida do Exército fixo fracasar a folga. Os membros da Asemblea de Parlamentarios non a apoiaron, a pesar de estar de acordo co Manifesto, e as Xuntas de Defensa participaron co resto do Exército na represión. Os máximos dirixentes das organizacións obreiras foron detidos e as garantías constitucionais foron suspendidas.

O fracaso da folga non calmou a situación social, nin solucionou a crise política. O ano 1917 manifestou claramente os factores que en 1923 fixeron caer o sistema da Restauración, pero este continuou cinco anos máis, sen facer ningunha reforma. Os conflitos sociais tamén continuaron e mesmo se radicalizaron nos anos seguintes, sobre todo en Cataluña e en Andalucía. O golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera puxo fin ó sistema da Restauración e freou con medidas represivas (sobre todo respecto dos anarquistas) e a bonanza económica dos anos vinte ás reivindicacións do proletariado. Sen embargo, os problemas políticos e socioeconómicos seguiron presentes, manifestándose en toda a súa crueza durante a II República.

2. Comentario dun gráfico sobre as variables demográficas durante o século XIX en varios países europeos

O país que máis aumenta a súa poboación no século XIX é Gran Bretaña, que rexistra un crecemento demográfico espectacular; o seguen Alemaña, Italia, Portugal e, en último lugar, España, cuxo aumento é catro veces menor que o de Gran Bretaña.
O crecemento demográfico de España no século XIX é mais que notable (do 61,7 %) perde importancia ao comparalo co producido nos restantes países analizados.
A causa do crecemento foi o aumento da produción agraria producido nese período; pero a razón de que ese crecemento non estivera á altura dos outros casos débese ao mantemento dunha elevada taxa de mortalidade, a máis alta dos países que se mostran no cadro.
Unida á alta natalidade, da lugar ao cadro típico dun réxime demográfico antigo, do que España non sairá ata o primeiro tercio do século XX.
As razóns para manter tan alta taxa de mortalidade débense buscar na precariedade económica que sofre a maior parte da poboación, dado que os beneficios do desenvolvemento agrícola restrinxe a determinadas áreas (con contratos máis estables, etc.) e a determinadas clases sociais (nas zonas con contratos de curta duración o campesiño non se beneficia do aumento da produción.

3. Redactar unha resposta ás seguintes cuestións teóricas:

3.1. Da sociedade estamental á sociedade de clases

• Principais diferencias entre os dous tipos de sociedade (¿en que se basean as diferencias entre os grupos sociais?). Principais etapas e dificultades no proceso de implantación da sociedade liberal en España (aludir ás Cortes de Cádiz, restauración absolutista, Trienio, etc.). Explicar como se produce a integración dos antigos grupos estamentais na sociedade de clases (¿en que situación van quedar?) e as características máis salientables dos outros grupos (burguesía, agricultores e proletariado).

3.2. Os movementos migratorios no s. XIX

• Diferenciar entre as migracións interiores e exteriores. Nas interiores destacar o aumento da poboación nas cidades, relacionándoo cos cambios económicos. Explicar a diferenciación social do espazo urbano (ensanches, barrios obreiros). Nas exteriores hai que referirse ao período en que se converte a emigración en masiva e aos lugares de procedencia (estendéndose no caso de Galicia) e de destino (fundamentalmente Latinoamérica). Explicar as causas da emigración e aludir a súa permanencia en épocas posteriores.

3.3. Os campesiños na sociedade liberal

• Destacar a importancia numérica do campesiñado en España e a súa relación co atraso español fronte ós países máis desenvolvidos de Europa, aínda que se debe aludir á perda de peso relativo do mundo agrario segundo avanza o século e, sobre todo, no primeiro terzo do século XX. Explicar as consecuencias que para o campesiñado provocaron medidas liberais, fronte a etapa anterior (sobre todo a desamortización) e destacando o caso galego (foros). Indicar a presenza de dous modelos agrarios xerais debidos á distribución da propiedade, e as diferenzas de situación dos labregos segundo ditos modelos: Norte / Sur, destacando a importancia do número de xornaleiros no Sur e dos pequenos labradores no Norte, sobre todo en Galicia, e as consecuencias que esta situación provoca.

3.4. O Movemento Obreiro no Sexenio: A Iª Internacional en España

• Indicar a importancia e características principais da Internacional dentro do Movemento Obreiro en Europa (débese aludir á situación do proletariado e as correntes ideolóxicas). Relacionar a formación dos primeiros grupos da Internacional coa lexislación do Sexenio (sobre todo co recoñecemento do dereito de asociación na Constitución de 1869). Sinalar a debilidade dos grupos obreiros nesta etapa, relacionándoa coas características da economía española. Explicar porqué en España triúnfan maioritariamente as teses anarquistas, fronte ás marxistas e o papel dos grupos obreiros na evolución política: caída de Amadeo, cantonalismo...

3.5. O Movemento Obreiro na crise da Restauración

• Introducir a resposta citando ás principais organizacións obreiras (socialistas: PSOE/UGT e anarquistas: CNT), explicando as principais diferenzas entre elas. Situar as reivindicacións obreiras no contexto da Restauración: control do poder político por dous partidos burgueses que recorren ao fraude electoral e que se opoñen ás demandas dos obreiros con medidas represivas (o Exército). Destacar a situación de explotación do proletariado e o aumento da afiliación dos grupos citados (relacionalo cos cambios económicos e a maior concienciación do proletariado ante a súa situación). Sinalar brevemente os principais aspectos das grandes crises: Semana Tráxica; Folga Xeral do 17 e pistoleirismo, relacionando a actuación dos obreiros coa fin do sistema político restauracionista.

3.6. Os foros e o agrarismo galego

• Introdución onde se expliquen as características da agricultura galega: permanencia do sistema foral e minifundismo. Características do agrarismo e principais reivindicacións: fragmentación, loita contra o caciquismo (aludir ao sistema político da Restauración); procura da mellora dos métodos de cultivo e comercialización; denuncia do minifundismo e dos foros (aludir ao proceso de redención dos foros que se desenvolveu ao tempo que o agrarismo). Destacar a presenza de múltiples organizacións agrarias, indicar as máis importantes e referirse a Basilio Álvarez. Indicar a permanencia do movemento agrarista na Dictadura e na II República, facendo unha valoración xeral do mesmo.

3.7. As mulleres no século XIX

• Introducir o tema sinalando os aspectos máis salientables da discriminación da muller. Indicar os principais traballos desempeñados por mulleres ao longo do século, e as características dos mesmos. A visión dominante na sociedade sobre o papel das mulleres. As principais reivindicacións (voto, salarios, educación...) e a relación co Movemento Obreiro.